



## GALERÍA DE ARTE

## O bosque animado

**G**RANELL está na casa. Esta tempada podemos contempla-la obra do insigne coruñés no Pazo de Bendaña, sede da fundación que leva o seu nome.

Probablemente non vai pasar moito tempo antes de que as súas obras penduren doutros muros galegos, xa que, como todos sabemos, Granell é unha referencia ineludible do surrealismo internacional. O feito de que á súa avanzada idade tivese a deferencia co seu público de estar presente na inauguración e asinar catálogos resulta profundamente enternecedor.

Xamais deixa de sorprendernos a viveza discursiva e o fulgor da chama surrealista que a guisa de boca parlante emana un discurso enxeñoso, fantástico, pletórico de vigor. Falamos de boca parlante porque as vivencias deste home agretaron as súas figuras a modo precisamente de cavidades bucais que emanen un néctar embriagador de sensacións fantasmagóricas; de cavidades consubstanciais na súa producción, que nos suxiren unha paisaxe vivencial profundamente erosionada e culmina da xa.

Don Eugenio, como un novo Demócrito, parece estar dotado dun espírito cáustico que se manifesta nas peripecias que sufren as súas personaxes, pois parecen queimarnos ó mirármolas tal coma se fosen rescaldos activos que se levantan impertéritos. Observemos composicións tan suxeridoras xa nos seus títulos como 'Os espellos dos abetos acenden os carbóns da noite' ou 'Os filósofos interpretan a lingua xe do moucho', as figuras aparecen carboniza-

das, coma se fosen vítimas dun inmenso incendio.

O mundo do pintor evócanos a fraga de Cecebre do tamén coruñés W. Fernandez-Flórez. Con probabilidade, ás árbores do escritor non lles resultaría tan estralo un cadro como 'La apidación de Hypatia, filósofa' coma o poste do tendido eléctrico neste diálogo:

—¿Como é?, ¿como é?

—Pois é —dixo o piñeiro— dunha especie moi rara. Ten o tronco negro ata máis de unha vara sobre a terra, e despois parece dun branco grisáceo. Resulta moi elegante.

Granell non perde o contacto coa representación figurativa, pois as suas personaxes foron insaculadas da historia, filosofía, mitoloxía, e plantadas a xeito de árbores no chan, mais retorcéndose, arremuiñándose. Logra en calquera das técnicas empregadas —óleo, gouaché, tinta— crear un 'mundo Granell', un globo aerostático cargado de enxeño e agudeza, que ó seu paso vai metamorfoseando a paisaxe común da vida do home.

A gran bagaxe cultural do artista permitiu-lle invoca-lo pasado, e con isto darrlle alma a esa vida xa pasada, ó tempo que recrea-la sociedade contemporánea e os obxectos de uso diario e menos apropiados para convertelos en obxectos artísticos, como unha forma de calzado, un berbiquí, unha fibela...

Co seu pincel actúa sobre a estúpida realidade, facendo que deste cualificativo pasemos ó de máxico, suxeridor das más fantásticas alucinacións.

Fátima Otero